QUEN SOMOS ?

Nó Rural é un proxecto de cooperación de 5 **Grupos de Desenvolvemento Rural** de Galicia (GDR).

Os GDR somos entidades de natureza asociativa sen ánimo de lucro, integrados por un grupo de socios públicos e privados locais dun territorio determinado. Desempeñamos e aplicamos unha estratexia de desenvolvemento local participativa para cada territorio de actuación.

OBXECTIVOS

Un dos nosos obxectivos é asesorar e apoiar tanto aos agricultores actuais como aos futuros na **procura de terras,** eliminando barreiras e facilitando un acceso equitativo ás oportunidades.

A nosa estratexia é usar as **novas oportunidades** que permite a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia de 2021. Son entre outras: os polígonos agroforestais, as permutas de especial interese agrario, as aldeas modelo... Son figuras **voluntarias,** requiren o consenso dunha maioría dos titulares.



ASOCIACION DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS (GDR-23) ☎ 981 669 541
✉ info@marinasbetanzos.gal

ASOCIACIÓN SEITURA 22 (GDR-24) ☎ 981 333 398
✉ info@seitura22.gal

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ (GDR-02) ☎ 982 512 369
✉ terrachanaturalmente@gmail.com

ASOCIACION DE DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EU RURAL (GDR-14) ☎ 986 443 030
✉ info@eurural.org

ASOCIACION DE DESENVOLVEMENTO RURAL LIMIA-ARNOIA (GDR-10) ☎ 988 442 535
✉ administracion@limia-arnoia.gal

Máis información:
https://norural.gal

nó rural

Iniciativa para a orientación e acompañamento na aplicación dos instrumentos da **LEI DE RECUPERACIÓN DA TERRA AGRARIA DE GALICIA**

Proxecto de cooperación Leader (2022-2023)

POR QUE UNHA LEI PARA RECUPERAR A TERRA AGRARIA DE GALICIA ?

Porque o sector primario é estratéxico para Galicia, onde una gran parte do territorio está ocupada por actividade agrícola, gandeira e forestal.

Porque existe unha demanda de base territorial por parte das explotacións agrogandeiras e de novos emprendedores e ao mesmo tempo hai máis de 500.000 Has de terra agraria abandonada de moi boa aptitude produtiva.

CALES SON OS OBXECTIVOS DA LEI ?

A Lei contempla a recuperación e posta en valor das terras agrarias de Galicia, tendo en conta os usos agrícolas, gandeiros e forestais, cunha axeitada ordenación dos mesmos e contribuíndo a crear e dinamizar a actividade económica e a calidade de vida no medio rural galego.

- ✓ Manter e incrementar a actividade e a xestión agroforestal.
- ✓ Recuperar terras abandonadas.
- ✓ Aumentar a base territorial.
- ✓ Evitar que pechen explotacións.
- ✓ Recuperación demográfica.
- ✓ Mellorar a calidade de vida.
- ✓ Facilitar o acceso á terra.

Manual dos instrumentos de recuperación da terra agraria de Galicia

NOVOS INSTRUMENTOS DE RECUPERACIÓN DA TERRA

POLIGONOS AGROFORESTAIS

- ✓ Áreas de terra de máis de 10 Has con capacidade produtiva que presenten estados de abandono ou infrautilización.
- ✓ Para uso agrícola, gandeiro ou forestal.
- ✓ De iniciativa pública ou privada.
- ✓ Acondicionamento das partes abandonadas.
- ✓ Posibilidade de reestruturación da propiedade.

PERMUTAS DE ESPECIAL INTERESE AGRARIO

- ✓ Asesoramento técnico e mediación no procedemento.
- ✓ Limpeza e posta en cultivo si é necesario.
- ✓ Actualización en catastro e axudas para rexistro da propiedade.

Videos e presentacións Xunta

ALDEAS MODELO

- ✓ Promovidas polos concellos.
- ✓ Posta en produción dos terreos agrarios abandonados arredor dos núcleos.
- ✓ Os propietarios conservan a titularidade e reciben unha renda.
- ✓ Limpeza e posta en cultivo si é necesario.
- ✓ Poderase actuar na recuperación da parte urbana mediante os plans de dinamización.
- ✓ Non se reorganiza a propiedade.